

Orde do 29 de setembro de 2025 pola que se amplía a dotación orzamentaria das subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 30 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para a promoción da artesanía galega e o fomento da súa comercialización e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento IN201G).

A Orde do 30 de maio de 2025, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 114 do martes, 17 de xuño, establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para a promoción da artesanía galega e o fomento da súa comercialización e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento IN201G).

No artigo 2 da convocatoria establécese que as devanditas subvencións serán financiadas co crédito correspondente ás aplicacións orzamentarias seguintes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025:

Aplicación orzamentaria	Importe (€)	Beneficiarias/os
14.06.751A.770.3.- Comercialización da artesanía de Galicia. Obradoiros artesanais.	180.000,00€	Artigo 4 anexo I
14.06.751A.761.5.- Comercialización da artesanía de Galicia. Corporacións locais.	50.000,00€	Artigo 5 anexo I
14.06.751A.781.4.- Comercialización da artesanía de Galicia. Asociacións profesionais de artesás/áns	35.000,00€	Artigo 6 anexo I

Por outra banda, no artigo, no artigo 2.2 do anexo I sinálase que se poderán incrementar as contías previstas en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.



Co obxecto de poder amparar o maior número de solicitudes, e posto que a dotación inicial resulta insuficiente, cómpre mediante esta orde incrementar a dotación orzamentaria consignada inicialmente dada a existencia de remanentes de créditos incluídos en programas do mesmo servizo.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único. Financiamento

1. Amplíase a dotación orzamentaria prevista na Orde do 30 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das subvencións para a promoción da artesanía galega e o fomento da súa comercialización e se convocan para o ano 2025 (Código de procedemento IN201G) (DOG núm. 114 do martes, 17 de xuño de 2025).

2. O incremento da dotación será de 8.230,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.770.3, "Comercialización da Artesanía de Galicia. Obradoiros artesanais" dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Unha vez efectuado este incremento, o importe da dotación orzamentaria da aplicación 14.06.751A.770.3 ascende a 188.230,00€, e o importe total da orde de axudas ascende a 273.230,00€.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2025

José González Vázquez

Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

